

**ACTA NÚM. 4/2018.****ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2018.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 12 de setembro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS, con retraso. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL. (BNG).

Non asiste: XESÚS PENA ESPÍÑA. (concelleiro non adscrito).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20.06.2018.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.06.2018 AO 06.09.2018.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2019.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2018.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2018.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 3/2018.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

-----  
**1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.**

Dada conta da resolución da alcaldía do 05.09.2018, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que no Concello neste momento non existe ningún funcionario que puidese tramitar os expedientes competencia do Pleno, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 5 de setembro ao 12 de setembro, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Sometida a votación a súa ratificación o Pleno por unanimidade dos once membros presentes acorda ratificala.

**2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20.06.2018.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión núm. 3/2018, do 20.06.2018.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos once membros presentes acorda a súa aprobación.

**3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.06.2018 AO 06.09.2018.**

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Data sinatura	Nº Decreto	Asunto
14/06/2018	00328/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN DA

		PISCINA MUNICIPAL DE BASTAVALES.
14/06/2018	00329/2018	ACOMPAÑAMENTO GRUPO GUIMARAES.
14/06/2018	00330/2018	BANCO DE ALIMENTOS XUÑO 2018.
14/06/2018	00331/2018	CONTRATO DESENVOLVEMENTO EXCURSIÓN DOS MAIORES A GUIMARAES 2018.
14/06/2018	00332/2018	PAGO 25% TAXAS CAMPAMENTO INFANTIL ENTRIMO 2018.
14/06/2018	00333/2018	CONTRATO SUBMINISTRACIÓN VARANDA RÍO PEGO.
14/06/2018	00334/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO COA ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BRIÓN.
14/06/2018	00335/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA.
14/06/2018	00336/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO CO IES DE BRIÓN.
14/06/2018	00337/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO COA S.D. LUAÑA.
14/06/2018	00338/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO CO CLUB DE FÚTBOL SOCIEDAD DEPORTIVA BRIÓN.
14/06/2018	00339/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO COA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SABAXANS.
14/06/2018	00340/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO COA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DOS ÁNXELES.
14/06/2018	00341/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO COA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA LUAÑA.
14/06/2018	00342/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO CO CEIP DE PEDROUZOS.
14/06/2018	00343/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO CO CLUB DE FÚTBOL BASTAVALES UNIÓN DEPORTIVA
14/06/2018	00344/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO CO CLUB DEPORTIVO TORRES DE ALTAMIRA.
14/06/2018	00345/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO E APROBACIÓN CONVENIO CO CLUB DE PATINAXE ARTÍSTICA BRIÓN.
15/06/2018	00346/2018	ALTA NO SAF MUNICIPAL DUN VECIÑO.
19/06/2018	00347/2018	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PEÓNS PARA APROL RURAL 2018.
19/06/2018	00348/2018	DECRETO CORRECCIÓN ERROS PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA 3º TRIMESTRE CURSO 2017/2018.
20/06/2018	00349/2018	DECRETO PAGO DE RETENCIÓNS POR DILIXENCIA DE EMBARGO.
20/06/2018	00350/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 21/06/2018.
22/06/2018	00351/2018	ALTA NO SAF DUN VECIÑO.
22/06/2018	00352/2018	CONTRATACIÓN RISGA 2018.
22/06/2018	00353/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/18.
22/06/2018	00354/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/17.
26/06/2018	00355/2018	ORDENACIÓN PAGOS REC 02/2018.
29/06/2018	00356/2018	DECRETO NÓMINA EXTRA XUÑO 2018.
02/07/2018	00357/2018	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - XUÑO 2018.
02/07/2018	00358/2018	DECRETO LIQUIDACIÓNS TRIBUTOS DA XGL 21/06/2018.
02/07/2018	00359/2018	DECRETO TAXA CAMPAMENTO INFANTIL A ENTRIMO E DA RESOLUCIÓN SANCIONADORA EXPEDIENTE DH.D15.54237.

02/07/2018	00360/2018	DECRETO NÓMINA MES DE XUÑO.
02/07/2018	00361/2018	DECRETO ABONO GRATIFICACIÓN POR CURSO A UN EMPREGADO.
02/07/2018	00362/2018	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DO PROCESO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/A EDUCADOR/A INFANTIL PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA SITUACIÓNS DE SUBSTITUCIÓN TEMPORAL.
02/07/2018	00363/2018	ALTAS NO PADRÓN DE HABITANTES DO MES DE XUÑO DE 2018.
02/07/2018	00364/2018	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES DO MES DE XUÑO DE 2018.
02/07/2018	00365/2018	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA - XUÑO 2018.
03/07/2018	00366/2018	DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR MOR DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN O CASAL.
03/07/2018	00367/2018	DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO EN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA TRAMITADO POLO CONCELLO EN A PEDREIRA - LUAÑA.
03/07/2018	00368/2018	BAIXA NO PADRÓN DO LIXO DUN RECIBO DO LIXO ANO 2018.
03/07/2018	00369/2018	BAIXA NO SAF MUNICIPAL DUNHA VECIÑA.
04/07/2018	00370/2018	CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN FORMIGONEIRA TORGAR E PRANCHA VIBRANTE MIKASA.
06/07/2018	00371/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018-19 ENERXÍA ELÉCTRICA.
06/07/2018	00372/2018	APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DO PROCESO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/A EDUCADOR/A INFANTIL PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA SITUACIÓNS DE SUBSTITUCIÓN TEMPORAL.
06/07/2018	00373/2018	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE CINCO PEÓNS E TRES CONDUTORES.
06/07/2018	00374/2018	AMPLIACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA DUNHA FUNCIONARIA.
06/07/2018	00375/2018	DECRETO ADSCRICIÓN POS 2018.
06/07/2018	00376/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 17.07.2018.
06/07/2018	00377/2018	DECRETO DE CONTRATACIÓN SEIS PEÓNS PIL 2018
09/07/2018	00378/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 10.07.2018.
09/07/2018	00379/2018	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XULLO 2018.
09/07/2018	00380/2018	DECRETO PADRÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XUÑO 2018.
09/07/2018	00381/2018	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BASICA XUÑO 2018.
09/07/2018	00382/2018	ALTA NO SAF MUNICIPAL DUNHA VECIÑA.
10/07/2018	00383/2018	CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN TAQUILLAS GES.
10/07/2018	00384/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS ESCOLAS MUSICAIS 2018/2019.
10/07/2018	00385/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS ESCOLAS CULTURAI 2018/2019.
10/07/2018	00386/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS 2018/2019.
10/07/2018	00387/2018	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 04/2018.
11/07/2018	00388/2018	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE OBRAS DO PROXECTO: AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA ALDEA DO CASAL.
11/07/2018	00389/2018	PAGO SEGURO EDIFICIO ESCOLA INFANTIL.
12/07/2018	00390/2018	CONVOCATORIA DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.
12/07/2018	00391/2018	DECLARACIÓNS MOD. 111 E 303 - XUÑO 2018

13/07/2018	00392/2018	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO: DE ESTRAR A VILANOVA.
13/07/2018	00393/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 10/07/2018.
13/07/2018	00394/2018	PERSONACIÓN NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000051/2018- R, POR MOR DE DANOS NUN VEHÍCULO POR UN CONTEADOR.
13/07/2018	00395/2018	PERSOACIÓN NO P.A. 0000051/2018 -R- DO XCA NÚM. 1 DA CORUÑA ENCOMENDANDO A DEFENSA AO LETRADO DA DEPUTACIÓN. PROVINCIAL.
13/07/2018	00396/2018	DECRETO PAGO ANUALIDADE 2018 DO INMOBLE DA ANTIGA CAMARA AGRARIA LOCAL.
13/07/2018	00397/2018	DECRETO DE LIMPEZA DE FINCA.
13/07/2018	00398/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018-20.
13/07/2018	00399/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018-21.
16/07/2018	00400/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018-22.
19/07/2018	00401/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018-23.
19/07/2018	00402/2018	SOLICITUDE PROGRAMA INTEGRADO INSERAMES-BRION XI.
19/07/2018	00403/2018	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRA COMPLEMENTARIA DE SANEAMENTO E CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAL NO PAVILLÓN DE PIRAGÜISMO SITO EN PONTE DO BICO-SANTA MARÍA DE ONS.
23/07/2018	00404/2018	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
23/07/2018	00405/2018	DECRETO TAXA OCUPACIÓN DOMINIO PROVINCIAL.
23/07/2018	00406/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019 NO CONCELLO DE BRIÓN.
23/07/2018	00407/2018	MODIFICACIÓN DE DECRETO DO 13.07.2018, DE PERSONACIÓN E ENCOMENDA DE DEFENSA E REPRESENTACIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL.
27/07/2018	00408/2018	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26.07.2018.
27/07/2018	00409/2018	CONTRATO MENOR SUBMINISTRACION PEZAS E REPARACION TRACTOR SAME
30/07/2018	00410/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA REALIZAR POR ADMINISTRACIÓN A OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: ALDEA DE ESTRAR.
30/07/2018	00411/2018	APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLO SUBMINISTRO DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN, E CANON DA AUGA, DO 2º TRIMESTRE DE 2018
30/07/2018	00412/2018	INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓN DO CONCELLO.
31/07/2018	00413/2018	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/07.18 - XULLO 2018.
31/07/2018	00414/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS DA XGL 26/07/2018.
31/07/2018	00415/2018	BAIXA DUN RECIBO DO LIXO.
31/07/2018	00416/2018	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - XULLO 2018.
31/07/2018	00417/2018	SUBVENCIÓN OBRAS MENORES ESCOLA INFANTIL.
31/07/2018	00418/2018	CAMBIOS DE TITULARIDADE NO PADRÓN DO LIXO 2018.
31/07/2018	00419/2018	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 05/2018.
31/07/2018	00420/2018	DECRETO DE RECOÑECEMENTO DE TRIENIO A UN EMPREGADO.
31/07/2018	00421/2018	DECRETO NÓMINA MES DE XULLO.
31/07/2018	00422/2018	DECRETO DE EMBARGO A UN EMPREGADO.
01/08/2018	00423/2018	DECRETO DE ADSCRICIÓN POS 2018 (ALDEA DE ESTRAR).

01/08/2018	00424/2018	DESESTIMACIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA DECRETO 136/2018, DO 13 MARZO DE 2018, DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.
01/08/2018	00425/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/24.
01/08/2018	00426/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/25.
01/08/2018	00427/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/26.
01/08/2018	00428/2018	RELACION DE FACTURAS F/2018/27 ENERXÍA ELÉCTRICA.
02/08/2018	00429/2018	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN DO LIXO DO 2018.
02/08/2018	00430/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA COMPLEMENTARIA DE SANEAMENTO E CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO PAVILLÓN DE PIRAGÜISMO SITO NO LUGAR DE PONTE DO BICO - SANTA MARÍA DE ONS.
02/08/2018	00431/2018	ADSCRICIÓN DE PERSOAL Á LIMPEZA DO CASTRO LUPARIO.
02/08/2018	00432/2018	MODIFICACIÓN DECRETO 269/2018 SOLICITUDE SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN ESPAZO COLABORATIVO.
03/08/2018	00433/2018	ALTAS PADRÓN MES DE XULLO DE 2018.
03/08/2018	00434/2018	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO POS + 2018: OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR (CUBERTA) DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO EN LAMIÑO.
03/08/2018	00435/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE TRANSPORTE DAS ACTIVIDADES DE CAMPAMENTO INFANTIL E XUVENIL E OBRADOIROS DE VERÁN.
03/08/2018	00436/2018	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2018.
06/08/2018	00437/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 07.08.2018.
06/08/2018	00438/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2018-2019 Á EMPRESA BARBATANA S.L.
06/08/2018	00439/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ESCOLAS CULTURAIAS 2018-2019 Á EMPRESA BARBATANA S.L.
06/08/2018	00440/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ESCOLAS MUSICAIS 2018-2019 Á EMPRESA BARBATANA S.L.
06/08/2018	00441/2018	DECRETO DE SANCIÓN DE TRÁFICO.
07/08/2018	00442/2018	DECRETO PARA A RETIRADA DE VEHÍCULO ABANDONADO.
07/08/2018	00443/2018	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL.
07/08/2018	00444/2018	DECRETO PADRÓN PREZO PÚBLICO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XULLO.
07/08/2018	00445/2018	DECRETO PADRÓN PREZO PÚBLICO AXUDA NO FOGAR BASICA XULLO.
07/08/2018	00446/2018	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE MONITORAXE DO CAMPAMENTO INFANTIL.
07/08/2018	00447/2018	DECRETO RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/28.
08/08/2018	00448/2018	DECRETO DE DECLARACIÓN DOS MODELOS 111 E 303.
08/08/2018	00449/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL MADERAS PACO CACHAROLO, S.L.
08/08/2018	00450/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
08/08/2018	00451/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
08/08/2018	00452/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 07/08/2018.
09/08/2018	00453/2018	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A OBRA DO POS+2018: CONEXIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO A LUAÑA MEDIANTE CONDUCCIÓN XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA DESDE O RÍO TAMBRE.
09/08/2018	00454/2018	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO POS + 2018: OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR ( CUBERTA) DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO EN LAMIÑO.
09/08/2018	00455/2018	DECRETO PARA LIMPEZA DE FINCA.

09/08/2018	00456/2018	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 E DA ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DO POS + ADICIONAL 1/2017: PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: A TORRE.
09/08/2018	00457/2018	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 E DA ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DO POS + ADICIONAL 1/2017 DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO: SANTA MINIA- O ENXO.
09/08/2018	00458/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE CONEXIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO A LUAÑA MEDIANTE A CONDUCCIÓN XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA DESDE O RÍO TAMBRE.
09/08/2018	00459/2018	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 DA OBRA DE REPARACIÓN E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO PAVILLÓN DE PIRAGÜISMO, INCLUÍDA NO PAS ADICIONAL 1/2015.
09/08/2018	00460/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O MANTEMENTO DAS RUTAS DE SENDEIRISMO.
10/08/2018	00461/2018	AVOCACIÓN DE COMPETENCIA E CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRAS Á DEPUTACIÓN PARA ACONDICIONAMENTO DAS TORRES DE ALTAMIRA.
10/08/2018	00462/2018	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN.
10/08/2018	00463/2018	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE DOUS PEÑONS.
16/08/2018	00464/2018	DECRETO NÓMINA MES DE XULLO (APROBACIÓN DEFINITIVA).
16/08/2018	00465/2018	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA S.D. LUAÑA.
20/08/2018	00466/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á S.D. BRIÓN
20/08/2018	00467/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CONCEDIDA Á E.I.I. OS ÁNXELES.
20/08/2018	00468/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/32.
20/08/2018	00469/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/33.
21/08/2018	00470/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DA U. D. BASTAVALES.
21/08/2018	00471/2018	DECRETO PRODUTIVIDADE FUNCIONARIOS DO 2ºT (65%) E ATRASOS DO 1,5% .
23/08/2018	00472/2018	DECRETO ABONO GRATIFICACIÓN POR CURSO A UN EMPREGADO.
23/08/2018	00473/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA.
23/08/2018	00474/2018	SOLICITUDE SUBVENCIÓN AEDL 2018.
23/08/2018	00475/2018	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL.
23/08/2018	00476/2018	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL.
24/08/2018	00477/2018	DECRETO DE SANCIONS DE TRÁFICO.
28/08/2018	00478/2018	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLO SUBMINISTRO DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN E CANÓN DA AUGA, DO 2º TRIMESTRE DE 2018.
28/08/2018	00479/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA O CATERING DA FESTA DOS MAIORES.
28/08/2018	00480/2018	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - AGOSTO 2018.
29/08/2018	00481/2018	DECRETO NÓMINA MES DE AGOSTO.
29/08/2018	00482/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/34.

29/08/2018	00483/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/35.
29/08/2018	00484/2018	DECRETO DE DELEGACIÓN DE SINATURA NA TENENTE DE ALCALDE.
30/08/2018	00485/2018	DECRETO DE DELEGACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL.
30/08/2018	00486/2018	DECRETO DE SANCIONS DE TRÁFICO.
04/09/2018	00487/2018	DECRETO DE DELEGACIÓN DE SINATURA.
04/09/2018	00488/2018	ALTAS SAF DEPENDENCIA SETEMBRO 2018.
05/09/2018	00489/2018	CAMBIO DÍA CELEBRACIÓN SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE SETEMBRO.
05/09/2018	00490/2018	CONVOCATORIA PLENO E COMISIONS.

O Pleno queda enterado.

#### **4º APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2019.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 05.09.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 11.09.2018, que transcrita di:

Visto o calendario laboral para o ano 2019 da Comunidade Autónoma de Galicia, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste Concello para 2019 as seguintes datas:

- O xoves 30 de maio de 2019 ( festas da Ascensión ) e o venres 27 de setembro de 2019 (Santa Minia).

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

#### **5º DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2018.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 2º trimestre de 2018, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

#### **6º DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2018.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2018, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

#### **7º APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 3/2018.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dada conta da proposta da alcaldía do 31.08.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, en sesión do 11.09.2018, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministros e servizos prestados nos anos 2015, 2016 e 2017, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no rexistro municipal de entrada no mes de xuño de 2018.

Considerando a efectiva prestación dos servizos por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

E considerando, igualmente, que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, visto o estado actual de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención das necesidades do exercicio corrente.

Esta alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de intervención con data 31 de agosto de 2018, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, propono ao Pleno:

**1º) Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS 1.842,00 € con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:**

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2018/1772	12/06/2018	67,24	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160610028095; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO 9001, ALPUBL - PERIODO 02.05.2016 A 01.06.2016	2018 165 22100
F/2018/1773	13/06/2018	170,40	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160211407441; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 9700, ALPUBL - PERIODO 22.01.2018 A 24.02.2016	2018 165 22100
F/2018/1774	13/06/2018	36,55	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160211510996; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILARIÑO 9700, ALPUBL - PERIODO 22.01.2016 A 24.02.2016	2018 165 22100
F/2018/1775	13/06/2018	26,62	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160610004993; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILARIÑO 9700, ALPUBL - PERIODO 28.04.2016 A 01.06.2016	2018 165 22100
F/2018/1776	13/06/2018	85,56	A65067332	GAS NATURAL	FRA Nº 01160311382902;	2018 165



				S.U.R. SDG, S.A.	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO 9001 ALPUBL - PERIODO 20.02.2016 A 18.03.2016	22100	
F/2018/1777	13/06/2018	21,21	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160311308252; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILARIÑO 9700, ALPUBL - PERIODO 25.02.2016 A 17.03.2016	2018 22100	165
F/2018/1778	13/06/2018	121,31	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160411222220; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 9700, ALPUBL - PERIODO 18.03.2016 A 20.04.2016	2018 22100	165
F/2018/1779	13/06/2018	77,88	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160411419424; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO 9001, ALPUBL - PERIODO 19.03.2016 A 20.04.2016	2018 22100	165
F/2018/1780	13/06/2018	104,24	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160511336429; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 9700, ALPUBL - PERIODO 21.04.2016 A 20.05.2016	2018 22100	165
F/2018/1783	13/06/2018	111,19	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160211208492; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO 9001, ALPUBL - PERIODO 26.01.2016 A 19.02.2016	2018 22100	165
F/2018/1784	13/06/2018	22,28	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160510019873; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO 9001, ALPUBL - PERIODO 21.04.2016 A 01.05.2016	2018 22100	165
F/2018/1785	13/06/2018	11,85	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160411402426; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILARIÑO 9700, ALPUBL - PERIODO 18.03.2016 A 20.04.2016	2018 22100	165
F/2018/1786	13/06/2018	115,86	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160311088829; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 9700, ALPUBL - PERIODO 25.02.2016 A 17.03.2016	2018 22100	165
F/2018/1787	13/06/2018	2,47	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº 01160411763688; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILARIÑO 9700, ALPUBL - PERIODO 21.04.2016 A 27.04.2016	2018 22100	165
F/2018/1788	13/06/2018	98,49	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG,	FRA Nº 01160610617469; SUBMINISTRO ELECTRICO	2018	165

				S.A.	LG/FONTE PAREDES 9700, ALPUBL - PERIODO 21.05.2016 A 21.06.2016	22100
F/2018/1855	22/06/2018	226,22	F15016124	FEIRACO S. COOP. GALEGA	FRA Nº FVCR035039; SUBMINISTRO GASOLINA SEAT PANDA E PARQUES - NOVEMBRO 2015	Multiaplicación
F/2018/1856	22/06/2018	200,18	F15016124	FEIRACO S. COOP. GALEGA	FRA Nº FVCR006478; SUBMINISTRO GASOLINA SEAT PANDA E PARQUES - XUÑO 2017	Multiaplicación
F/2018/1857	22/06/2018	189,99	F15016124	FEIRACO S. COOP. GALEGA	FRA Nº FVCR006881; SUBMINISTRO GASOLINA SEAT PANDA E PARQUES - XUÑO 2017	Multiaplicación
F/2018/1860	25/06/2018	152,46	B36650992	ASCENSORES ENOR, S.L.	FRA Nº 7A26980M; SERVIZO MANTEMENTO ASCENSORES CENTRO SOCIAL E CASA CONCELLO - AGOSTO 2017	Multiaplicación
<b>TOTAL</b>		<b>1.842,00</b>				

**2º)** Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

### **8º) MOCIÓNS.**

Aprobase por unanimidade dos once membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

#### **8.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR URXENTEMENTE MEDIDAS RESPECTO Á POBOACIÓN CRECENTE DE XABARIL E OS DANOS CAUSADOS POR ESTA ESPECIE.**

Dada conta da moción, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Os continuos estragos producidos polo xabaril que está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Danos económicos producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, no millo, nas hortas e noutras producións e cultivos, como a vide ou a castaña.

Danos medioambientais, ao inducir o abandono da actividade, o que provoca a colonización de terras agrarias por mato e leña, que supoñen un risco para os lumes, especialmente cando se abandonan as agras nas contornas das casas, onde deixan de facer as funcións dun eficaz cortalumes.

E tamén competencia desigual con outras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndoas en risco de desaparición (aves, reptís, anfibios, coellos e micro mamíferos). E mesmo riscos zoonosanitarios polo contaxio ás especies domésticas, de zoonoses das que son reservorios, como a tuberculose, peste porcina.

A maiores prodúcense danos en bens públicos de axardinamentos e zonas deportivas e incluso problemas de seguridade viaria con dous atropelos ao día de media en Galicia, ao atravesaren estradas e camiños rurais, risco non cuberto pola prima básica do seguro de circulación, o que provoca o incremento das primas de seguros das persoas que queiran asegurarse ante este risco.

Estes ataques do xabaril teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras profesionais que quedan, tanto no referido aos de alimentación como as necesidades de cercas, tanto convencionais como eléctricas, provocando o abandono dos cultivos tradicionais, profesionais e a tempo parcial por falta de rendemento e desesperación das persoas titulares das explotacións.

Ante estes acontecementos, as persoas damnificadas estanse dirixindo aos Concellos, como Administracións máis próximas, expresando as súas inquiredanzas por mor destes ataques que poñen en perigo a súa sustentabilidade económica.

Certamente a situación de hoxe en día, ten como antecedentes o excesivo incremento da poboación dos xabaráis, un mamífero con grande capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, todo elo facilitado polo abandono das terras e do medio rural, así como pola escasa incidencia do único depredador natural que ten, que é o lobo.

Esta realidade, non foi acompañada de medidas proporcionais e eficaces de control que permitan unha convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e coas actividades económicas, sociais e medioambientais do noso contorno.

É por iso que o Grupo Municipal Socialista considerando que é preciso encarar esta problemática e buscar solucións acaídas, presenta esta moción diante do Pleno da Corporación para que a Xunta de Galicia asuma a grave problemática dos danos da fauna salvaxe nas explotacións gandeiras e agrícolas e que se tomen os seguintes acordos de resolución:

O Pleno da Corporación insta á Xunta de Galicia a:

**1º)** Realizar, á máxima brevidade, un censo da poboación do xabaril e a súa distribución nas comarcas de Galicia.

**2º)** Redactar e poñer en marcha de xeito inmediato un Plan de Xestión do xabaril, para estabilizar a súa poboación, e limitar os seus danos na agricultura, a gandería, a circulación viaria e o equilibrio medioambiental, de xeito consensuado cos sectores afectados.

**3º)** Reformar a Lei de caza de Galicia, de xeito que se regule a colaboración entre cazadores e produtores agrarios para protexer os cultivos, obrigando á incorporación de plans de prevención de danos aos TECOR dentro do seu Plan de Ordenación Cinexética, de forma que se teñan en conta os calendarios de cultivos e épocas sensibles aos danos para cada un deles e a nivel de parroquia.

4º) Poñer en marcha o Fondo de Corresponsabilidade, para pago de danos e medidas preventivas, que figura na Lei de Caza de Galicia, así como abrir unha liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotacións e nos cultivos.

Sometida a votación a moción, o Pleno por unanimidade dos once membros presentes pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (1) acorda aprobar a moción nos seus propios termos.

## 8.2. MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A SITUACIÓN DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE BRIÓN.

Pola alcaldía expouse verbalmente que desde a comunidade escolar se lle transmitiu que o IES deste Concello non ía comezar o curso escolar normalmente posto que existe falta de profesorado, polo que a calidade docente deste centro vaise ver reducida, polo que se propón:

1º) Apoiar á dirección, profesorado e ANPA deste centro escolar para que a Xunta de Galicia dote de persoal ao centro para que poida funcionar correctamente, que lle dea o profesorado que necesite o instituto.

2º) Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que atenda as peticións da comunidade escolar do IES de Brión.

Sometida a votación a moción, o Pleno por unanimidade dos once membros presentes pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (1) acorda aprobar a moción nos seus propios termos.

## 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

### 9.1. Preguntas presentadas por escrito polo grupo municipal do BNG:

1) Varios veciños veñen de denunciar a situación de ver camións de empresas privadas (sobre todo de leite) limpando os seus depósitos na contorna do paseo de Pedrouzos. Parece ser que os señores de Espina & Delfín abren a boca de rego da auga pública para que podan facer este "traballo".

É coñecedor o Concello desta actividade?

Informouse ao Concello destas limpezas?

Onde vai para a auga sucia?

Vanse poñer os medios e comunicar ás empresas involucradas tal feito?

Responde o Sr. Alcalde que isto non é así, é unha información equivocada por parte de quen lla deu; a parte alta do Concello quedou sen auga e a seca do ano pasado e deste fixo que se solicitaran conexións por moitos veciños, e solicitouse autorización para coller auga nunhas cisternas autorizadas previamente pola Consellería de Sanidade, previa limpeza.

Se incorpora neste intre ao Pleno con retraso o Sr. Concelleiro Sampedro Bouzas.

Engade o Sr. Alcalde que se saca de onde está autorizado e se leva ao depósito do Concello, e quero recordar que meteuse no POS + 2018 a conexión da traída da zona baixa a alta, que retrasouse pola nova lei de contratos, aínda que a facemos nós tivemos que facer concurso para mercar os materiais, e contamos con iniciar as obras o luns, para que non haxa este tipo de problemas; que os camións de Feiraco teñen que facer o lavado onde di a consellería e darlle autorización.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que eu persoalmente non o vin.

Sinala o Sr. Alcalde que non están lavando, están recollendo auga e en cada viaxe ten que facerse unha desinfección total do camiión que se dedique a levar auga para arriba, que ese camiión só pode facer iso, e a empresa Espina & Delfín xustificou onde lle mandaron collela e deixala.

2) O pasado día 13 de agosto, unha veciña do noso Concello presentou no rexistro (axuntamos copia) do Concello á atención de todas/os as/os concelleiras/os que formamos parte da comisión informativa en política social e cultura un escrito solicitando que de acordo co art. 15.1 da Lei de memoria histórica se procedera á retirada do símbolo falanxista que aínda figura na fonte pública da aldea de Mato (no Quinteiro de Abaixo). Descoñecemos se á data de hoxe o Concello procedeu á retirada do mesmo ou noutro caso á solicitude da retirada.

En todo caso, como está tal feito?

Responde o Sr. Alcalde que o Concello o que fixo foi retirar isto por ser competencia nosa e que practicamente non se vía.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte e catro minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González